

# PROPOSTA DE SPG PARA O “MERCADO DA TERRA”

## [BORRADOR]

- **Definición dos SPG (Sistemas Participativos de Garantía)**
- **Definición do MT (Mercado da Terra – Lugo)**
- **Obxectivo do SPG para o MT**
- **Motivacións para construír un proceso de certificación alternativo no ámbito do MT**
- **Características do SPG do MT**
- **Funcionamento do SPG do MT – Método e Estrutura**
- **Criterios avaliábeis para formar parte do MT como produtor@**

### 1- Definición dos SPG (Sistemas Participativos de Garantía)

Os SPG son sistemas de garantía de calidade que operan a nivel local. Certifican produtor@s partindo da base da participación activa das persoas implicadas no proceso, e constrúense a partir da confianza, os lazos sociais e o intercambio de coñecementos.

Son ferramentas adecuadas para produtor@s de pequena escala que comercializan a súa produción mediante a venda directa, fomentando as redes locais de produtor@s e reforzando as comunidades de agricultor@s mediante o apoio recíproco e a partilla de formación e coñecementos.

Así, os SPG teñen como fundamento seren accesíbeis e simples, apoiando a venda local, onde produtor@s e consumidor@s se coñecen, sen precisar terceiras partes para a validación dos produtos e eliminando intermediari@s que os encarezan, garantindo un sistema de produción, de circulación e un tipo de consumo.

### 2 - Definición do MT (Mercado da Terra – Lugo)

[Definir]

### 3 - Obxectivo do SPG para o MT

Validar o proceso produtivo das persoas integrantes do Mercado da Terra, aumentar a súa visibilidade e xerar confianza.

### 4 - Motivacións para construír un proceso de certificación alternativo no ámbito do MT

- a) Reducir a burocracia e os custos no proceso.
- b) Permitir o acceso á certificación ás persoas produtoras do MT que producen seguindo as regras do regulamento europeo en materia de agricultura ecolóxica, mais que non teñen accedido aos procesos de certificación de terceira parte, ben por motivos económicos, ben por motivos de discrepancia co sistema que estas outras entidades promoven.
- c) Permitir a certificación de procesos desde o ámbito local para o ámbito local.
- d) Promover valores comunitarios e apoiar o potencial para o desenvolvemento comunitario a través da agricultura ecolóxica.
- e) Reforzar e consolidar o tecido social no rural para reafirmar a actividade agraria.
- f) Manter os mercados locais.
- g) Crear unha rede auto-xestionada (produtor@s-consumidor@s).

### 5 - Características do SPG do MT

[Marco teórico común ao conxunto dos SPG]

- a) *Visión compartida.* Produtor@s e consumidor@s pónense de acordo, nunha relación de

confianza, sen necesidade doutras mediacións.

b) *Transparencia do proceso*. Todas as partes no proceso teñen acceso ao funcionamento e toma de decisións do sistema, que é aberto.

c) *Horizontalidade*. Partíllase o poder de acción e decisión. Partíllanse dereitos, deberes e responsabilidades.

d) *Participación*. Todas as persoas envolvidas no proceso participan desde o proceso de produción até o consumo, pasando polos procesos de verificación que dan validez ao selo.

e) *Confianza*. É a base para a participación e a transparencia, e é tamén o obxectivo a atinxir.

f) *Revisión externa*. Participación no proceso de persoas e/ou organizacións alleas ao proceso garantido (técnic@s, persoas de relevancia social...).

## **6 - Funcionamento do SPG do MT – Método e Estrutura**

### **MÉTODO**

Recóllese información sobre o proceso produtivo d@s integrantes do MT e avalíase a adecuación ás características e principios adoptados como válidos.

1º) Cuestionario / Solicitud

2º) Análise dos documentos entregados ← Comisión Certificadora

3º) Organización de visita aos terreos/obradoiros – Recollida de información in situ

4º) Estudo da información recollida de acordo cos principios adoptados ← Comisión Certificadora

5º) Resolución sobre adecuación do proceso ás directrices do SPG do MT.

Resolución positiva → Admisión

Resolución negativa → Dar pautas para a mellora da situación

### **ESTRUTURA**

Grupo Local [MT + Consumidor@s (Bandullo Ecolóxico + outr@s consumidor@s habituais que queiran participar) + Técnica] → Asemblea → escolle os “Grupos de Visita” e as “Comisións Certificadoras”.

- Grupos de Visita: Produtor/a “par” + técnic@ + consumidor@

- Comisións Certificadoras: Integrantes dos Grupos de Visita (mínimo) ou todos os integrantes do Grupo Local.

## **7 - Criterios avaliábeis para formar parte do MT como produtor@.**

[Criterios en ficheiro a parte]

## **PROPOSTA DE CUESTIONARIO PREVIO PARA @S PRODUTOR@S**

[en ficheiro a parte]

## **PROPOSTA DE INFORME PARA VISITAS DE CERTIFICACIÓN**

[en ficheiro a parte]